


Os xornais facilitan información diaria, contan todo tipo de novas que acontecen preto de nós e tamén moi lonxe. Pero... contan todos o mesmo e da mesma maneira? Hoxe ides traballar en relación a isto.

Pero antes imos ver as partes básica dunha nova xornalística; para iso pode ver o vídeo que segue.



<https://www.youtube.com/watch?v=NgLlvqqPJrs>

Moi ben! Agora que xa sabemos as partes básicas recapitulemos:

- Título** • Destaca o máis importante da nova.
- Subtítulo** • Síntese do máis importante.
- Lead** • Unha pequena introdución da nova.
- Corpo** • Dá a información completa de maior a menor importancia.
- Imaxe** • En relación ao texto, pode ser opcional.
- Pé de foto** • ubica a imaxe na noticia e enuncia de que trata.



**Unha vez temos todo ben claro pescuda na rede unha nova xornalística que che guste, logo intenta atopar a mesma nova noutro xornal distinto; fai o mesmo cun terceiro.**

### **E agora, que teño que facer?**

1. Elabora un documento no formato que prefiras, papel ou dixital.
2. Se o fas dixital pega os enlaces da nova, se o fas en papel pódelas imprimir e pegalas igualmente.
3. Sinala todas as súas partes.
4. Compara con detemento todas as súas partes e fíxate en se utilizan os mesmos titulares, subtítulos, leads...
5. Fíxate no corpo e fai un resumo do que di.
6. Explica coas túas palabras se consideras que a nova di o mesmo nos tres. **(mínimo 8 liñas).**
7. Finalmente constrúe ti unha nova xornalística, pode ser sobre algo que aconteceu no cole, na aula de altas capacidades, na vosa casa, algo que viches... o que queiras! Podes acompañala de foto, só tes que pedir axuda aos profes da aula que che axudaran a facela. Pero lembra... hai que ser imparcial! **(o corpo da túa nova debe ter polo menos 15 liñas).**

